


Excmo. Sr. Vicerreitor de Economía



Excmo. Sr.:

Teño a honra de lle transmitir, como ACORDO UNANIME do Colexio de Decanos e Directores de Centro da Universidade de Santiago de Compostela, acadado na súa reunión de 20 de abril de 2006, o que sigue:

CRITERIOS DE REPARTO DE ORZAMENTO ENTRE CENTROS DA USC

Regra 01. Criterios de reparto

O Reparto entre centros dos créditos previstos nos orzamentos para a súa xestión descentralizada efecturarase do seguinte xeito:

1. Bloque xeral: Representa o 80% da cantidade total a distribuír e repartirase atendendo ós seguintes criterios:

- a) 35,0%: en función do número de profesores do centro.
- b) 24,5%: en función dos créditos matriculados no centro.
- c) 10,5%: en función dos créditos impartidos no centro.
- d) 18,0%: en función da superficie construída.
- e) 12,0%: En función do número de alumnos no centro.

2. Bloque correspondente á docencia práctica de materias experimentais: Representa o 20% da cantidade total a distribuír, e ten como finalidade o financiamento da docencia práctica que, pola súa natureza, supoña un gasto adicional para os centros. As asignacións repartiranse en función dos créditos prácticos experimentais impartidos.

Regra 02. Conceptos

Ós efectos da aplicación dos criterios de reparto enténdese por:

a) **Profesorado do centro:** o número de profesores correspondente a cada centro, computándose a tal efecto o maior dos números seguintes:

(i) O profesorado do centro determinado pola suma seguinte:

- 1) Profesores censados no centro con adicación a tempo completo, ós que se aplicará un coeficiente 1.
- 2) Profesores non censados no centro pero con docencia nél superior ós 9 créditos, ós que se aplicará un coeficiente 0,5.
- 3) Profesores con adicación atempo parcial (incluídos os PACS con posto nunha Facultade ou Escola da USC), ós que se aplicará un coeficiente 0,5.
- 4) PACS con posto de traballo en Hospitais de Santiago ou Lugo, ós que se aplicará un coeficiente 0,10.

(ii) O número resultante do cociente entre créditos impartidos no centro e a carga media dun docente (20 créditos).

b) **Créditos matriculados:** créditos teóricos, prácticos, de laboratorio e clínicos, matriculados en estudos de grado ou posgrado oficiais, utilizando a media dos tres cursos anteriores. No caso de centros en proceso de implantación de novas titulacións considerarase unicamente o último curso.

c) **Créditos impartidos:** créditos teóricos, prácticos e de laboratorio impartidos en estudos de grado ou posgrado oficiais, utilizando a media dos tres cursos anteriores. No caso de centros en proceso de implantación de novas titulacións considerarase unicamente o último curso.

d) **Superficie do centro:** metros cadrados edificados multiplicados polos seguintes coeficientes, en función da data de construción ou reforma: 2 para superficies construídas ou reformadas con anterioridade a 1990; 1,5 para superficies construídas ou reformadas entra os anos 1990 e 2000; 1 para superficies construídas ou reformadas con posterioridade ó ano 2000.

e) **Alumnos do centro:** número de alumnos matriculados en titulacións oficiais de grado e posgrado impartidas no centro.

f) **Créditos prácticos de materias experimentais:** créditos impartidos de docencia práctica de materias experimentais, tomando a media dos tres últimos cursos. No caso de centros en proceso de implantación de novas titulacións considerárase únicamente o último curso. Cada Decano ou Director de Centro propondrá a lista das materias a incluír nesta categoría e unha comisión do Colexio de Decanos e Directores a validará.

Regra 03. Distribución orzamentaria

Unha vez determinada a cuantía correspondente a cada centro, a distribución orzamentaria entre as diversas partidas será proposta, cada ano, por cada centro á Vicerreitoría de Economía, tendo en conta a súa estrutura de gasto. A partida correspondente a materias experimentais de laboratorio debe adicarse exclusivamente a ese fin.

Regra 04. Duración


O presente acordo terá unha validez de cinco anos (ate o exercicio de 2010 inclusive), porocedéndose logo á súa revisión.

Regra 05. Cláusulas de garantía

No exercicio de 2006 garántese que cada centro acadará como mínimo o 90% do orzamento de que dispuxo en 2005.

Nos exercicios 2007, 2008, 2009 e 2010 ningún centro terá un orzamento inferior a aquel de que dispuxo en 2006, coa actualización anual derivada das correspondentes variacións do IPC.

En Santiago de Compostela, a 20 de abril de 2006-04-20



Manuel Jaime Barreiro Gil
P. Colexio de Decanos e Directores de Centros da USC